



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA MESA DE CONTRATACIÓN DE 30 DE DICIEMBRE DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:25 horas do día 30 de decembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 30-12-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D^a. Susana Garcia Álvarez
D. Óscar Couce Senra
D. Javier Muradás Blanco

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) **Corrección de erro material na acta da mesa celebrada o 27 de decembro de 2016**

Detectouse un erro na acta da sesión desta Mesa celebrada o día 27 de decembro de 2016 ao terse omitido na proposta de exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias (expediente 3969-440) formulada ao órgano de contratación o nome dalgúns dos licitadores cuxas ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados e non xustificaron os mesmos: DESMACO, S.L.; UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.-FEVISA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU; ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA, S.A.; CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L; ELSAMEX, S.A.; ESPINA Y DELFIN, S.L. e CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

En consecuencia, a secretaria procedeu a corrixir o erro na redacción da acta.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda corrixir o erro e aprobar a nova redacción corrixida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:59	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4D-E8CC37-8537E5-XNWN8F-7FZGDW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Lectura e aprobación se procede da acta da mesa actual.

Procedese a lectura pola secretaria do contido da acta da presente sesión. Finalizada a mesma, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a mesma

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:35 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 21:59	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4D-E8CC37-8537E5-XNWN8F-7FZGDW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		